

## Candela (Andrea Pichel Rodríguez, 4º ESO B)

Hai algún tempo, a mediados da Guerra Civil española, nun lugar de Galicia vivía unha nena chamada Candela. Era unha nena miúda e fraca, co pelo crecho de cor castaña e cuns ollos verdes como esmeraldas. Era unha rapaza de pel moi, moi branca e dúas meixelas moi coloradas a xogo coa cor dos seus beizos. Tiña oito anos e vivía nun orfanato dende que ela lembraba.

Había moitos nenos coma ela, da súa idade ou menores, que se atopaban alí non sabían ben por que. Candela era unha rapariga moi curiosa e por este motivo sempre estaba a pensar e a darlle voltas e voltas a como fora que chegara alí.

Un día ocorréuselle preguntar a unha das mulleres que coidaba dela e dos demais rapaces como e por que chegara ela a alí. A coidadora explicoulle que de todos os nenos que estaban alí, a maioría perdera aos seus pais durante a guerra e foran vivir alí porque non tiñan a ningún familiar que se puidese facer cargo deles e, ao non ter a onde ir, foran recollidos alí.

Cando Candela escoitou isto, estremecéuselle todo o corpo. ¿Acaso ela non tiña pais ou, se os tiña, morreran ou non sabía onde estaban? ¿Cal fora o motivo polo que ela chegara alí? Moitísimas preguntas rondaban pola cabeza da neniña. Preguntas como estas seguíronlle rondando pola cabeza durante algún tempo, pero acabou por olvidarse e deixalas a un lado.

Pasaban os días, as semanas e os meses. Candela tiña cada vez máis a sensación de que estaba soa no mundo xa que as coidadoras, aínda que de cando en vez tiñan algunha conversa cos nenos internos no orfanato, a maioría das veces limitábanse a servirilles a comida e a vixiar o que facían.

Ademais, Candela non tiña amigos, non había rapazas da súa idade, ou había

algúns nenos e nenas pequechiños, que daban ganiña comelos, ou había rapaces xa de doce anos ou máis. Candela dábase conta de que as escasas familias ricas que visitaban de cando en vez o orfanato levaban con eles aos nenos máis pequenos,

-Nunca me levarán a min. Son maior que os demais nenos e xa non lles parezo “bonitiña” ou “riquiña”, como din eles. Ademais ninguén me vai querer nunca porque nin tan sequera sei quen son nin de onde veño –pensaba a rapaciña.

Candela atopábase cada vez peor, cada vez máis soa, cada día máis afastada do mundo que a arrodeaba. Así continuou uns meses máis.

Chegara o inverno e cada día facía máis frío. No orfanato apenas tiñan Madeira para prender lume polo frío e a comida era cada vez máis escasa.

Certo día chegou ao orfanato un matrimonio duns cincuenta anos. A directora do orfanato mandou chamar a Candela. A nena, estrañada, foi ao seu despacho. Cando entrou, atopouse cun home alto e forte, con pouco pelo e cuns lentes grosos, que apenas deixaban ver os seus ollos marróns e tan pequenos que costaba distinguilos. A muller que o acompañaba era regordecha e bastante baixiña. Víase que o matrimonio vivía ben: estaban moi ben vestidos, con cadanseu chapeu, e con abrigos de pel. Cando Candela recibiu a noticia de que a ía adoptar aquel matrimonio, daba chimpos de felicidade. A directora presentoulle aos que serían os seus titores e mandouna ir recoller as súas pertenzas.

Candela marchou cara ó cuarto que compartía con outras cinco rapazas e foi recollendo unha a unha as súas escasas pertenzas. Nese intre, deuse conta de que, a pesar de que levaba alí case toda a vida, non tiña nada, agás dúas pezas de roupa e un colgante que tiña desde pequena, dende que entrara alí.

Meteu as dúas pezas de roupa nunha bolsa de tea e marchou cara á entrada principal.

-Ata aquí chegou o meu sufrimento. Agora xa teño pais. Agora ninguén me vai impedir ser feliz. Despediuse das súas compañeiras, que lle desexaron sorte, deulle dous bicos á directora do orfanat, por permitirlle que vivira alí durante tanto tempo dándolle acubillo e alimento sen pedirlle nada a cambio. Despois diso, montou no coche que lle indicou o matrimonio e, mentres se afastaba, dáballe coa man a tódalas raparigas que a despedían. Durante a viaxe Candela ía mirando pola ventá do coche. Todo aquilo era novo para ela, todo lle chamaba a atención.

A viaxe fíxoselle longa. Realmente durara dúas horas. Durante a viaxe, Candela ía xogando cun boneco que a súa nova familia lle regalara nada máis chegar ao coche. Aquel pequeno boneco de cores chamativas, encantoulle.

Xa era case de noite cando se parou o coche. Candela saíu fóra do coche axudada pola muller, quen a colleu e, con agarimo, díxolle, mentres sinalaba cara a unha casa enorme, que aquel era o seu novo fogar. O matrimonio e a nena entraron e, unha vez dentro, recibiron a Candela agarimosamente unha muller que sería a encargada da súa educación e unha pequena gata de cor canela, que a saudou refregándose nas pernas da neniña.

Laura, que así era como se chamaba a muller que coidaría a Candela, e que ademais fora a encargada de recibila, encargouse de levala ao que sería o seu cuarto. Cando entrou, Candela quedou fascinada: era un cuarto precioso, con moita luz, as súas paredes eran dun azul celeste que lle daba moita alegría ao lugar. Tiña unha cama á dereita da porta cunhas mantas azul e rosa a xogo coas paredes, e á esquerda tiña unha mesa cunha libreta e uns lapis de cores enriba.

No dormitorio había dúas fiestras que daban ao xardín principal. Despois, naquel fermoso lugar acabado de descubrir para Candela, tamén había un

longo andel no que estaban unha morea de libros colocados estratexicamente segundo o seu tamaño. No andel, tamén estaba colocado algún que outro peluxe.

Sen embargo, a pesar de todo aquilo que vira e que lle gustara, o que máis lle chamara a atención fora un pequeno baúl colocado ao pé da cama. Aproximouse a el e, cando o abriu, quedou asombrada; todo aquel espazo estaba ocupado por unha morea de roupa do seu tamaño.

Nese intre, cando Candela aínda estaba asombrada polo que acababa de ver, entrou pola porta o matrimonio.

A muller díxolle:

- Candela, ¿que che parece o teu cuarto? ¿Gústache?

-Si, a verdade é que me encanta, pero eu...

-Candela, non lle poñas peros, que todo isto agora é teu. Mira, abriches ese baúl?

-Si.

-Pois mira, toda esa roupa que está gardada dentro é para ti.

-¿Para min? –preguntou estrañada- se eu con dúas pezas de roupa á semana amáñome ben. Non fai falla que se preocupen tanto por min.

-Claro muller, agora esta casa tamén che pertence. Dende agora non che faltará de nada. Veña, se queres podes darte unha ducha. Laura indicarache onde está o baño e logo baixa a cear.

-Está ben. Contestou a nena.

Así o fixo. Candela duchouse e vestiu un daqueles traxes novos do baúl. Baixou e ceou coa súa nova familia.

Despois foise deitar e, cando xa estaba na cama, a porta do seu cuarto abriuse e entrou a muller.

- ¡Véñoche dar as boas noites! ¿ Gustouche a casa? Ti se queres algo pídemo, vale?

- Vale. Boas noites mamá.

Aquelas palabras fixeron que a muller se botase a chorar e lle dixera que se ía deitar.

Candela non sabía por que a muller se puxera así, ¿acaso dixera algo malo? ou ¿quizais lle molestara que lle chamara mamá?

Se era así, ela non o fixera á mantenta, senón que lle saíra sen querer. Quizais fora así porque ela nunca tivera a quen demostrarlle o seu cariño, e agora sentía a necesidade de facelo con aquelas persoas que dun día para outro lle deran todo sen pedirlle nada a cambio.

Ao segundo día, Candela espertouse coa luz que entraba polas fiestras. Nese intre chamaron a porta:

-Candela, son Laura, ¿podo entrar?

- Si, claro, pasa. - contestou a nena.

Mentres Laura amañaba o cuarto e lle preparaba a roupa a Candela, a nena bombardeábaa con preguntas.

-Oíches Laura, ¿pódoche preguntar una cousa?

-Si, claro, dime.

-Pois mira, é que onte dona Clara, veume dar as boas noites e, sen querer chameille mamá e botouseme a chorar. ¿ti sabes se lle molestaría?

-Pois nena, é que non sei se me corresponde a min contarche isto...

A ver, ¿ti viches as fotos dun mozo que están colgadas por todo o salón?

-Non, non as vin ¿por que?

-Pois mira, é que os señores tiñan un fillo, Alonso. Era un mozo alegre, forte, alto, vigoroso e guapo. Aínda que esta familia é unha familia acomodada a que, grazas a Deus, non lle faltou nada de momento, durante estes tempos de fame reclutaron ao señorito no exército. Aínda lembro aquel día como se fose hoxe.

Chovía moito, a señora Clara e mais eu fomos ver se mercabamos un pouco de leite e algo para a comida. O señor Álvaro estaba no seu traballo, e na casa só quedara o señorito Alonso. Cando voltamos de mercar a señora e mais eu e chegamos á porta da casa, atopámonos con militares que viñan mandados para reclutar ao señorito para o exército.

Dona Clara intentou impedilo, pero os militares mostráronse implacables.

Entón, o señorito Alonso díxolle cos ollos cheos de bágoas á súa nai, que o seu deber era ir se o chamaban e que, por tanto, iría.

Dona Clara botouse a chorar desconsoladamente, pensando en que quizais non volvería ver ao seu fillo. E a última vez que vimos ao señorito foi afastándose nunha das furgonetas do exército. Hai agora dous meses que recibimos a noticia de que Alonso perdeu a vida na fronte, pero non puidemos darlle sepultura ao corpo e a súa nai non ten onde ir chorar por el. Dende ese momento en que recibimos a noticia, á señora Clara véuselle o mundo enriba. Probablemente se botara a chorar onte cando lle chamaches mamá, porque iso lle recordou ao defunto Alonso. Pero ti non te preocupes por iso nena, que ti para ela es como unha filla, unha segunda oportunidade.

Despois de que Laura lle contase esta historia, Candela comezou a pensar “Pobre señora Clara, ¡canto debeu sufrir! A perda dun fillo debe ser moi dura, e máis aínda sendo na guerra, e sen ter un sitio, un lugar no que choralo. Teño que facer algo por ela, teño que facer que despois de todo o que sufriu, volva sorrir”.

Dende ese día Candela pasaba moito tempo con dona Clara e facíalle a vida moito máis agradable.

Un día saíron polo campo e puxéronse a recoller flores. Candela fíxolle un ramo á señora Clara e cando llo deu, dona Clara díxolle:

-O mellor que puiden ter na miña vida es ti meniña! Parécete tanto a...

-¿A quen mamá?

-A...

Un silencio envolveu aquel lugar.

-Téñoche que contar unha cousa, Candela.

-Dígame mamá.

-¿Acórdaste daquela vez que me chamaras mamá por primeira vez e me botei a chorar? Pois foi porque me recordaches a un fillo que tiven, un fillo que tivo que ir á guerra, á guerra que mo arrebatou dun día para outro. Por iso decidimos adoptar a un neno ou a unha nena e así axudar aos nenos, aos que a guerra lles arrebatara aos seus pais, igual cá nós o noso fillo.

- E... ¿pódolle preguntar unha cousa mamá?

-Si, claro, dime.

-Pois... Papá e mais ti, queríades adoptar un neno ou unha nena, daquela, ¿porque me elixistes a min?

- Pois a verdade é que preferimos elixir unha nena porque non desexabamos que a historia se repetise, que a guerra nos puidese arrebatarnos outro dos nosos tesouros máis queridos. Por iso escollemos unha nena, unha mullericiña, porque nunca a reclutarían para a guerra, nunca nola arrebataría. Por iso te escollemos a ti. Porque nos teus ollos vimos o sufrimento de non ver na túa vida máis que as catro paredes daquel orfanato, porque sentíamos a necesidade de ter a alguén a quen darlle o agarimo que era para o noso Alonso, o amor que non puido recibir por culpa dunha guerra absurda que afrontou a irmáns. Ese é o motivo de que te escolleramos a ti.

Dende ese día Candela comezou a comprender que a guerra o único que trae é sufrimento, mortes e dor ás familias. Comprende que a guerra non só lle trouxera sufrimentos a ela, senón tamén a moitas outras familias, entre elas a de Dona Clara.

Pasaba o tempo e a nena sentíase cada vez mellor con aquela familia que xa se convertera na súa. Todas as noites Candela agradecía a Deus que lle dera esa familia, esa segunda oportunidade, a de volver ter uns pais, uns pais aos que darlles cariño, uns pais que lle daban amor, o amor que Candela non puido recibir dos pais que a guerra lle arrebatou, ao igual que a moitos outros nenos. Por iso, Candela prégalle a Deus cada noite que nunca máis haxa máis guerras, que nunca máis ninguén sufra, que nunca máis a ninguén lle sexa arrebatado ningún ser querido, que nunca máis ninguén volva ter que derramar unha soa lágrima por unha absurda guerra, unha guerra que non leva a ningunha parte, da que ao final só queda dor. Por iso ela desexaba de todo corazón que ninguén tivese que volver pasar por iso, desexaba que no mundo nunca máis houbera máis guerras, que no mundo reinara a paz. Porque non todas as persoas poden ter unha segunda oportunidade como tivera ela.

Oxalá que todas as persoas axudemos a que se cumpra o desexo daquela nena e que no mundo reine a paz.

FIN